# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEP  SABARÍS
CURSO: 5º EP
MATERIA: inglés
DEPARTAMENTO:
DATA: 2/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación  Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**


**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | **CL** | CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br><br>CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. | **CL** | CL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico. |
| B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | **CL**<br><br>**A**<br>**A** | CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br><br>AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para resolver problemas de comunicación. |

**Bloque 2. Produción de textos orais: Expresión e interacción**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo. | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | **CL**<br>**SC** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. | | |
| | PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. | | |

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | **CL** | CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos.<br>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese. |
| B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | **CL** | CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese. |
| B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. | **CL**<br>**A**<br>**A** | CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.<br>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües. |
| | PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. | | |
| | PLEB3.9. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | | |

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | **CL** | CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente. |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | **CL** | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto. |
| B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información. | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). | **CL** | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto. |
| B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. | **CL**<br>**AA** | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.<br>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües. |
| | PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, bandas deseñadas o descricións de lugares, gustos ou afeccións). | | |
| | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc. | | |

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente | **SC** | SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra. |
| B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións… en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación… | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa…. | PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer… | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.8. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos. | PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións… de si mesmo/a e doutra persoa. | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.9. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa. | PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | **CL** | CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. |
| B5.10. Expresa e comprende indicacións e ordes. | PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | **CL** | CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<ul><li>Avaliación formativa: Observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, tarefas orais, actividades online, lecturas, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.</li><li>Avaliación sumativa: As probas escritas e orais dos dous primeiros trimestres e as de repaso, reforzo e ampliación sempre e cando se beneficie ao alumnado.</li><li>Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso.</li><li>Avaliación por competencias, por medio dos indicadores reflectidos na programación didáctica da materia.</li></ul></td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<ul><li>Tarefas con secuencias de instrucións sinxelas.</li><li>Actividades en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.</li><li>Actividades con informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.</li><li>Tarefas de comprensión global e extracción de información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.</li><li>Actividades que permiten avaliar a pronunciación, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos.</li><li>Tarefas que permitan avaliar a captación do sentido global de textos sinxelos.</li><li>Actividades de localización de información explícita en textos diversos sobre temas de interese.</li><li>Tarefas de expresión e comprensión escrita a partir de modelos traballados previamente.</li><li>Participación e seguimento das tarefas.</li></ul></td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>Seguiráse a instrución 7.3 do 27 de abril:<br>“A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado”.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>Non hai alumnado coa materia pendente.</td></tr>
</table>

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | A Editorial Oxford cedeume a súa plataforma virtual coas licenzas electrónicas do libro do curso e do libro de actividades.<br>- Tarefas do libro do curso acompañados de video titoriales de produción propia diante de contidos novos ou explicativos sobre diversas temáticas.<br>- Tarefas do libro de actividades que poden realizar online ou no propio libro físico (xa que o teñen na casa).<br>- Actividades de repaso e reforzo de produción propia en Quizlet (https://quizlet.com/Chema_Laranxeira3)<br>- Actividades de repaso e reforzo en Kahoot (https://create.kahoot.it/share/vocabulary-grade-5/cae6ecd1-4c06-43a4-bf54-ef8aecdbcb3c https://create.kahoot.it/share/vocabulary-grade-4/b22e007b-92e4-45ad-893f-91bc7c7b9e1c https://create.kahoot.it/share/vocabulary-grade-3/99cde0a3-791d-4a2c-a7af-1415a9d7d031 https://create.kahoot.it/share/vocabulary-grade-6/4f23a768-93de-40c8-a480-674ac48beb73)<br>- Actividades sobre vídeos, podcasts... |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | 29 alumnos/as con conectividade:<br>• Actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.<br>• Situacións comunicativas que facilitan a aprendizaxe: Vídeos, Cancións, historias, ilustracións, gravacións...<br>• Atención específica as distintas formas e ritmos diferentes de aprendizaxe: Actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na súa consecución.<br>• Avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe.<br>• Aprendizaxe globalizada: Temas que se relacionan coas demais áreas do currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.<br><br>2 alumnos/as sen conectividade:<br>• Actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.<br>• Situacións comunicativas que facilitan a aprendizaxe.<br>• Atención específica as distintas formas e ritmos diferentes de aprendizaxe: Actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na súa consecución. |

| | |
|---|---|
| | • Tarefas nos libros físicos e material impreso. Comunicación telefónica e por mensaxería abalar.<br>• Avaliación do proceso individual na aprendizaxe.<br>• Aprendizaxe globalizada: Temas que se relacionan coas demais áreas do currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc. |
| **Materiais e recursos** | Libro do curso dixital e físico.<br>Libro de actividades dixital e físico.<br>Mensaxería abalar, mensaxería da plataforma virtual, correo electrónico, teléfono.<br>Recursos online (quizlet, kahoot, youtube, podcasts...) |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Mensaxería abalar. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |